

UNHA HEMATURIA MULTIFACTORIAL? DIAGNÓSTICO DE NEOPLASIA VESICAL EN AP MEDIANTE ECOGRAFÍA

P. RECAMÁN, MARCOS; FERNÁNDEZ VEIGA, YOLANDA; LÓPEZ PRADA, ANDREA; CID VALADO, PAULA; DOCAMPO GACIO, ELBA

MOTIVO DE CONSULTA E HISTORIA CLÍNICA

Varón de **85 anos** que solicita consulta urgente por **hematuria franca de 24h de evolución** sen antecedentes traumáticos, infecciosos, nin manipulacións da vía urinaria. Exploración física anodina. Solicítase mostra de ouriños pero o paciente acaba de ouriñar. Acordamos co paciente realizar inxesta hídrica abundante e acudir a última hora para realizar ecografía e aportar mostra.

PROBAS COMPLEMENTARIAS EN CONSULTA

Ecografía vesical: Vexiga moderadamente replecionada. Visualízase na parede vesical unha **lesión verruciforme de 30x17mm**, con base ampla e escasa captación de Doppler. A lesión aparenta extenderse intramuralmente.

Tira de ouriños: hematuria franca con leucocitos 2+ e proteínas 4+.



1. KHADRA MH, PICKARD RS, CHARLTON M, ET AL. A PROSPECTIVE ANALYSIS OF 1,930 PATIENTS WITH HEMATURIA TO EVALUATE CURRENT DIAGNOSTIC PRACTICE. J UROL 2000; 163:524.
2. DATTA SN, ALLEN GM, EVANS R, ET AL. URINARY TRACT ULTRASONOGRAPHY IN THE EVALUATION OF HAEMATURIA--A REPORT OF OVER 1,000 CASES. ANN R COLL SURG ENGL 2002; 84:203.
3. KAUFMAN DS, SHIPLEY WU, FELDMAN AS. BLADDER CANCER. LANCET 2009; 374:239.

ANTECEDENTES

Hipertensión arterial
Diabetes Mellitus tipo 2
Hiperplasia benigna de próstata
Múltiples aneurismas arteriais
Enfermidade renal crónica G3A
Macroglobulinemia de Waldeström
Plaquetopenia crónica

DIAGNÓSTICO DIFERENCIAL

O diagnóstico diferencial da hematuria inclúe **patoloxías renais, hematolóxicas e urolóxicas**. O paciente presenta factores que poderían indicar calquera orixe: plaquetopenia e Macroglobulinemia de Waldeström como causas hematolóxicas; enfermidade renal crónica e proteinuria indicando posible causa renal; hiperplasia prostática como causa urolóxica... A idade e abundancia da hematuria parecen indicar orixe tumoral.

A ecografía en consulta achegou **rápido** o diagnóstico sen necesidade de máis estudos. O paciente foi derivado a Uroloxía por Vía Rápida. A presenza da lesión foi confirmada mediante cistoscopia e programouse intervención.

CONCLUSIÓNS

1 A patoloxía tumoral vesical é a principal causa de hematuria macroscópica en pacientes maiores de 50 anos. Debe ser a **sospeita clínica inicial** neste grupo de idade (1,2).

2 Nalgúns pacientes poden coexistir factores que indiquen máis dunha orixe distinta. Nestes casos a **ecografía** é unha ferramenta rápida e **útil** na consulta para iniciar un estudo máis dirixido (563%, E99%) (3).